



Carta á Reverenda Mariann Edgar Budde, bispa de Washington¹

Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria
Rede Miriam de Espiritualidade Ignaciana Feminina

Querida e prezada Reverenda Mariann Budde, somos mulleres feministas católicas, que traballamos na nosa Igrexa pola igualdade entre homes e mulleres.

Estamos a vivir tempos difíciles, tempos nos que a supremacía –branca, cis-heteropatriarcal ou de calquera outra índole– e a polarización avanza e esténdense por todos os países ditos democráticos, tanto en América como en Europa.

Consideramos revelador e alentador o feito de existiren no seu país plataformas como *Faithful América* que reúnen as diferentes confesións relixiosas para argumentar e desarticular, desde a vivencia da fe, eses nacionalismos mal denominados cristiáns que, por todo o mundo, desvirtúan e deturpan as palabras de Xesús e a nosa fe para defender posicións políticas extremistas e fomentadoras do odio.

O motivo desta carta é agradecerlle as súas valentes palabras na homilía do pasado 21 de xaneiro na catedral de Washington. Apreciamos e agradecemos a súa voz profética, que recoñecemos estar habitada pola Ruah; o seu ton pausado, capaz de se erguer sen estridencias para defender a verdade e sostela desde o Evan-

¹ Apoiaron este escrito *Tras las huellas de Sophia* (México); *Revolta de las Mujeres en la Iglesia* de Vigo, Lugo, Zaragoza, Cantabria, Navarra, Granada, Tenerife, Alacante, Madrid, Cabra, Huesca, Gran Canaria, Vitoria-Gasteiz, La Rioja, Salamanca, Bilbao, Murcia, Badaxoz, Valladolid, Almería, Córdoba, Cádiz; *Alcem la Veu* Barcelona, Menorca, Valencia; *Mujeres en la Iglesia por la igualdad* de Burgos; *Mujeres y Teología* de Zaragoza, Cantabria, Sevilla, Cabra; *Emakumeen Aldarria* Guipuzkoa Elizandrea, *Donnes Creients* de Valencia, *Mujeres en Diálogo* CVX de España, *Mujeres Católicas Presbíteras*, ARCWP Europa.

xeo. Como mulleres somos conscientes da dificultade que entraña chegar a bispa na capital dos Estados Unidos e a valentía que é preciso ter para dirixirse ao novo presidente da súa nación nos termos nos que vostede se expresou.

Coincidimos con vostede na importancia da unidade como base firme sobre a que se ha de soste un Estado, a importancia de neutralizar e superar a polarización que nestes momentos se vive no ámbito global, a necesidade de abrir espazos de diálogo e deixar de considerar como inimigos/as aqueles que pensan de forma diferente. As comunidades humanas debemos saber incluír todas as persoas que pensan ou viven de xeito diferente, sen excepcións de ningún tipo, por encima de toda diferenza económica, cultural, social, relixiosa, sexual...

A misericordia de Deus esparéxese sobre toda persoa sen distinción. Como mulleres crentes vivímonos testemuñas e portavoces desa misericordia. Desde ese amor esparexido en nós e desde a pedagogía de Xesús de Nazaré, non podemos consentir que as diferenzas se constitúan en motivo de exclusión, provocando sufrimento e angustia nos colectivos máis vulnerábeis. Estamos firmemente comprometidas coa tenrura como forza motriz das relacións humanas. Por iso apoiamos de forma incondicional as súas palabras, que agradecemos profundamente.

Seguimos camiñando na busca dunha Igrexa e un mundo que cada vez máis sexan comunidade de iguais, *Ekklesia* que avance na construción do Reino de Deus.

Grazas, irmá!!

- Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria
- Rede Miriam de Espiritualidade Ignaciana Feminina